

Recurso nº 144/2019**Resolución nº 133/2019****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 6 de xuño de 2019.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por SINDICATO SECTORIAL DE SEGURIDAD DE LA FEDERACIÓN DE SERVICIOS, MOVILIDAD Y CONSUMO DE GALICIA DE LA UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES contra os pregos da contratación dun servizo de seguridade e vixilancia en varios centros dependentes da Xefatura Territorial de Lugo: Museo do Castro de Viladonga (Castro de Rei) e Biblioteca Pública de Lugo, expediente CU-3/19-SE da Consellería de Cultura e Turismo, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Pola Consellería de Cultura e Turismo convocouse a licitación do contrato dun servizo de seguridade e vixilancia en varios centros dependentes da Xefatura Territorial de Lugo: Museo do Castro de Viladonga (Castro de Rei) e Biblioteca Pública de Lugo, expediente CU-3/19-SE, cun valor estimado declarado de 522.387,62 euros.

Segundo.- O citado sindicato recorrente interpuxo recurso especial en materia de contratación o 24.05.2019, sendo recepcionado polo TACGal o 28.05.2019.

Terceiro.- Recibido o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e examinado tal expediente

administrativo, ao estarmos nun suposto do artigo 55 LCSP procedeu ditar a presente Resolución.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- O presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro.

Terceiro.- Apreciamos falta de lexitimación do sindicato recorrente respecto do que suscita o seu recurso, o cal xa foi posto de manifesto a este mesmo recorrente noutras ocasións, como foi na Resolución TACGal 30/2019 (recurso 18/2019), que, a súa vez, lle trasladaba que, ante equivalente acción impugnatoria (algunha incluso do mesmo sindicato aquí recorrente) chegaron á mesma conclusión de inadmisión múltiples resolucións doutros Tribunais Administrativos como as número 947, 948, 949, 950, 951, 956 e 1050/2018, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais ou a Resolución 285/2018 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Madrid.

Efectivamente, aquí igual que naqueles casos, o sindicato recorrente alega a vulneración do artigo 145.4 LCSP porque considera que os criterios relacionados coa calidade non representan, alomenos, o 51 % da puntuación.

Na LCSP o artigo 48 establece ao respecto das organizacións sindicais:

“Estarán tamén lexitimadas para interpor este recurso contra os actos susceptibles de seren impugnados as organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpra as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación.”

Como vemos o mandato normativo ao que nos debemos de someter é o de que a súa lexitimación está ligada a que no que impugnan *“se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpre as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participan na realización da prestación”*.

É evidente entón, como xa se recollía polos Tribunais de Recursos Contractuais, que non é admisible unha mera acción de defensa da legalidade, como xa determinou o Tribunal Constitucional, en Sentenzas coma a número 7/2001, con cita doutras:

“Queda pues clara la relevancia constitucional de los sindicatos para la protección y defensa, incluso jurisdiccional, de los derechos e intereses de los trabajadores. Pero a renglón seguido, como segundo dato esencial, en la misma STC 101/1996, de 11 de junio, F. 2, se afirma la necesidad de que la legitimación otorgada por el art. 32 LJCA/1956 (referida, como es evidente, a sindicatos de naturaleza bien distinta a los actuales), y reconducible a la relevancia constitucional de los sindicatos, se proyecte de un modo particular sobre el objeto de los recursos que éstos entablen ante los Tribunales: «Esa capacidad abstracta del sindicato tiene que concretarse, en cada caso, mediante un vínculo o conexión entre la organización que acciona y la pretensión ejercitada. “La función constitucionalmente atribuida a los sindicatos no alcanza a transformarlos en guardianes abstractos de la legalidad, cualesquiera que sean las circunstancias en que ésta pretenda hacerse valer”, dijimos también en la STC 210/1994, F. 4». Se trata, en definitiva, de aplicar a estas personas jurídicas particulares la misma regla que se aplica a cualquier otra persona física o jurídica para reconocerle la posibilidad de actuar en un proceso: tener interés legítimo en él. Por tanto, continuaba la STC 101/1996, de 11 de junio, «su legitimación en el ámbito de lo contencioso-administrativo, en cuanto aptitud para ser parte en un proceso concreto, o “legitimatio ad causam”, ha de localizarse en la noción de interés profesional o económico; interés que ha de entenderse referido en todo caso a un interés en sentido propio, cualificado o específico (STC 97/1991 , F. 2, con cita de la STC 257/1988)» (esta última cita la retomó la STC 252/2000, de 30 de octubre, F. 5).

En estas dos SSTC 210/1994 y 101/1996, referidas una al ámbito laboral y otra al contencioso-administrativo, quedó afirmada la idea de que, para poder considerar procesalmente legitimado a un sindicato, no basta que éste acredite estar defendiendo un interés colectivo o estar realizando una determinada actividad sindical, dentro de lo que las citadas resoluciones denominaron «función genérica de representación y defensa de los intereses de los trabajadores»: debe existir un vínculo especial y concreto entre dicho sindicato (sus fines, su actividad, etc.) y el objeto del debate en el pleito de que se trate, vínculo o nexo que habrá de calibrarse en cada caso, y que se plasma en la noción de interés profesional o económico, traducible en una ventaja o beneficio cierto, cualificado y específico derivado de la eventual estimación del recurso entablado.”

Pois ben, agora a LCSP xa explicita, nese artigo 48 LCSP, o parámetro para analizar esa lexitimación das organizacións sindicais, ao que debe aterse este TACGal.

Como vimos, as alegacións do sindicato recorrente son exclusivamente a vulneración do artigo 145.4 LCSP porque os criterios relacionados coa calidade non representan, alomenos, o 51 % da puntuación. Nese sentido, a configuración abstracta dos criterios de adxudicación, incluído o peso porcentual dos mesmos, non se achega a poder incluílo na referencia legal do artigo 48 LCSP dunha ligazón a que *“no proceso de execución do contrato o empresario incumpre as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación”*, e, dende logo, neste caso o recurso non aporta alegacións para entendelo así.

Este Tribunal considera entón que o sindicato recorrente, para o presente recurso, carece de lexitimación activa o que determina a inadmisión deste recurso especial con base no establecido no artigo 55.b) LCSP.

Non podemos rematar sen mencionar que, como expresaremos na Resolución coetánea a esta do recurso 145/2019 -interposto, unha vez máis, polo mesmo recorrente e con igual liña-, a reiteración de alegacións que xa foron rexeitadas por este TACGal pode dar lugar á imposición de multa por temeridade, o cal para este recurso non se establece por canto ao xa ir tal condena nese paralelo recurso 145/2019 se considera suficiente para o efecto buscado coa imposición da mesma.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir** o recurso interposto por SINDICATO SECTORIAL DE SEGURIDAD DE LA FEDERACIÓN DE SERVICIOS, MOVILIDAD Y CONSUMO DE GALICIA DE LA UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES contra os pregos da contratación dun servizo de seguridade e vixilancia en varios centros dependentes da Xefatura Territorial de Lugo: Museo do Castro de Viladonga (Castro de Rei) e Biblioteca Pública de Lugo, expediente CU-3/19-SE da Consellería de Cultura e Turismo.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición dorecurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.